



II PREMIO ARESA

Excelentísimo señor presidente, dignísimas autoridades, benqueridos amigos.

Quérolles transmitir os meus sentimentos, o primeiro é un sentimento de gratitude a todos vostedes pola súa asistencia a este acto, que congrega a persoas para min tan importantes como a primeira autoridade galega, a membros do seu Goberno, autoridades provinciais e locais, distinguidos homes de ciencia, persoeiros da empresa, notables profesionais lucenses, amigos, os meus colaboradores de Aresa e de Soaga e, moi especialmente, agricultores e gandeiros que confían en nós e nos nosos productos. Gracias a todos.

O segundo sentimento é a emoción de ver como imos camiño de consolidar un certame xurdido do convencemento persoal de que a mellora da economía rural galega é unha labor prioritaria que nos compete a todos. No **gañador desta segunda edición do Premio Aresa** temos un bo exemplo: Fronte ó traballo rutinario, fronte á investigación alonxada das necesidades concretas dun país, fronte ó científico que non pon os pés na terra, **o profesor Javier Guitián** acertou a deseñar unha solución multidisciplinar para unha comarca tan querida para os lucenses como a é Serra do Caurel. Por iso, poder expresar públicamente o noso recoñecemento ó doutor Guitián xustifica a creación do Premio Aresa.

Un terceiro sentimento que lles manifesto e o de preocupación polo futuro da agricultura e da gandeiría de Galicia. O noso Goberno ten feito moito polo sector, pero o atraso de décadas que acumulan as nosas estruturas agrarias esixe manter e mesmo

redobrar ese compromiso de recursos e políticas a medio e longo prazo. Ese esforzo que demandamos é máis urxente se reparamos que no campo galego dispoñemos do capital humano e dos recursos naturais idóneos, que son básicos para o relanzamento do sector.

Nun contexto de despoboamento do medio rural, temos que dar ós xoves razóns, formación, apoio financeiro e garantía de benestar para que non se vexan forzados a emigrar e atopen no seu lugar de orixe o emprego que precisan. O avellentamento da poboación rural acada un nivel grave, e nós sabemos ben que a mellor madeira se forma co paso dos anos, pero tamén necesitamos árbores novas como garantía de futuro.

Teño un cuarto e último sentimento que lles expresar: A esperanza. Como veciño dunha provincia na que o 50% da poboación activa está ocupado na gandeiría e na agricultura comprenderán que me manifeste inconformista e que coide pequeno o esforzo máis grande. Pero vislumbramos avances que indican que imos a máis. Teño esa percepción tanto desde a miña condición de empresario como en tanto que membro do xurado do Premio Aresa, labor este que me permitiu coñecer algúns proxectos de moito interese, aínda que -lamentablemente- o galardón só pode recaer nun.

Quero sulñar tamén a presenza de Don Juan Miguel Villar Mir. Nel dase unha singular combinación: É un home de ciencia, catedrático de Ingeniería de Caminos en Madrid, un relevante empresario de éxito e acreditou igualmente as suas dotes de gobernante no primeiro Gabinete do Rei, no que compartii vicepresidencia con Don Manuel Fraga.

As compañías que preside operan, entre outros, nos sectores da construción, a enerxía ou a ganadeiría, destacando en todos eles. Por elo me permitirán que amose o meu orgullo persoal pola

relación que nos une, gracias a sua condición de presidente de Fertiberia, primer fabricante español de fertilizantes. As nosas empresas manteñen unha moi antiga e sólida relación.

Remato reiterando a miña felicitación ó galardado, que fago extensiva á Universidade de Santiago, que ampara o labor docente e investigador do profesor Guitián Varela.

Moitas gracias.